


NÚMERO 8// ABRIL 2022

# CHÍO

O FUTURO ESTÁ EN LUGO



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO SEMPRE

Intervención artística Campo de figos. Galicia Futura.

**¡LA BASURA ES CULTURA! ¡LA  
CULTURA ES BASURA!  
POR VIDICÓN Y POR CARBURA,  
CON LA BASURA HAREMOS  
GRANDES ESCULTURAS.  
¡HAREMOS GRANDES EDIFICIOS  
SÓLO CON DESPERDICIOS!  
¡IMITAREMOS A FIDIAS USANDO  
SÓLO INMUNDICIAS!  
PINTAREMOS GRANDES OBRAS  
USANDO SOLO SOBRAS.  
EN VEZ DE DÁRSELAS AL GATO,  
PINTAREMOS UN RETRATO.  
¡VIVA LA BASURA! ¡ABAJO LA  
HUMANIDAD FUTURA!**

**LA BOLA DE CRISTAL**





# CAL É O TEU CAMIÑO?



Comisariada por **Deborah García Bello** -@deborahciencia- e **Miguel Ángel Cajigal Vera** -@elbarroquista-, **Galicia futura** presenta en Lugo o seu segundo episodio, que poderá ser visitado ata o 24 de abril, no local da obra social A Fundación Abanca, na praza Maior.

Amosar o que se está a facer nas diferentes áreas do coñecemento, poñer na órbita do visible o xeito en que as conexións dos distintos campos do saber permiten comprender mellor a súa progresión e buscar as claves que están a configurar o porvir de Galicia, son obxectivos desta exposición.

Explórase así un futuro desexado na vangarda.



# CONVERSA

O pasado 22 de marzo, o Presidente (**Agustín Gallego**) e o Vicepresidente (**Paco Nieto**) de **Lugo Sempre**, foron recibidos por dona **Lara Méndez**.

A conversa estendeuse por eidos da cultura e mesmo de certas cuestións políticas, tales como:

O interese amosado nos pormenores da proposta da asociación, para crear unha bienal de arte adicada ao escultor **Paco Pestana** e sentar as bases para poñer en marcha a iniciativa.



Do mesmo xeito, falouse de resaltar figuras e feitos que, no seu momento, tiveron grande trascendencia para a cidade; como é o caso de recoñecer popularmente a figura de **José Trapero Pardo**, primeiro e único cronista da cidade de Lugo, membro da Real Academia Galega, director do Museo Provincial, director do xornal La Voz de la Verdad e el Progreso, escritor e radiofonista.

A coincidencia á hora de solicitar á RAG un adiando do Día das Letras Galegas, adicado a **Darío Xohán Cabana**, con quen a cidade síntese en débeda e programar algunha acción singular para recoñecer a súa pegada. Ao fío do cal, presentouse a posibilidade de recuperar o Primeiro Festival Literario do Miño, que no 1960 marcou un fito cultural en Lugo e en Galicia.

Houbo ademais a oportunidade de manifestarlle á alcaldesa a opinión respecto do tren e pedimos a xestión institucional para reclamar unha conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago.

Agradecemos a cordialidade e o interese por escoitar as propostas de **Lugo Sempre** por parte da alcaldesa de Lugo.



# 23 DE ABRIL . DÍA DO LIBRO.

Cada 23 de abril, a praza Maior de Lugo acolle unha pequena "feira do libro", na que os lucenses temos a oportunidade de tomar contacto cas novidades editoriais. É o momento en que os libros veñen a nós e non ao revés.

Dende **Lugo Sempre** botamos en falta a organización dunha ben chamada feira do libro (sen comiñas, que se as poñemos é por algo) coma as que xa se fixeran en tempos. Poñendo en comunión a todos os axentes que hai na cidade, arredor do libro: área de cultura do Concello, bibliotecas, librarías, lectores/as, dinamizadores culturais, pequenas editoriais, libreiros/as, clubs de lectura, etc.

Calquera argumento que se esgrima este ano para non facela, non deixará de ser un desacordo entre partes e, coma sempre outra vez, sairá perdendo o tecido cultural de Lugo.

Se a esta inexistente feira do libro, engadimos os contados e pouco elaborados actos que se organizan na cidade arredor desta data, voltamos á reflexión de canto de importante é facer unha programación institucional de peso. A prol de nós mesmos coma cidade e sociedade inserta nela.

Xa que logo e non moi lonxe de aquí, (coma diría algún conto ben contado) o Concello de Vilalba leva xa catro edicións deste certame de microrrelatos, organizado sempre con ocasión do día do libro.



Nós, adicamos este pequeno recuncho de **Chío** a compartir algún extracto do poemario de **José Estévez López**, publicado por Toxosoutos.



Aquí e agora, nesta hora, comparezo diante túa e diante da miña audiencia para expoñer o que puido ser unha bonita historia de amor e a historia do que foi, o lugar da ausencia de lugar: " na baixada da temperatura, un amor que se nos foi". Permíteme, permítanme, pois, que conte algo deste ciclo vital, desta faceta da nosa vida, que fale sen papas na boca para saír desta reclusión de indignación na que estou anoxado.

Arranque de "**Estás aí?**" que nos introduce nun longo e ben sentido poema.

Un día nos labios  
con aire ausente  
e pequenos mareos,  
antes do salto  
sen rede,  
ao frío da noite,  
en terra de ninguén  
e sen servizo  
de coidados paliativos.

Amor en bruto,  
non exento de morbo,  
era o que ansiabamos,  
pero na rampla de acceso  
nin lle atopamos  
as veas nin o compás.

Desactivados  
os sensores da desidia,  
o forno non estaba  
para bolos  
e a interminable caída  
no colapso,  
nada fotoxénica,  
foi coma un día nun hospital.

E falamos con faltas de ortografía.  
E así nos foi.

Pasamos a tomar o Sol  
na farsa  
sen nos preocupar por molestar  
e sen necesidade de pedir o libro  
de reclamacións.

Por non tirar a tempo  
ao lixo todo o que nos sobrava.  
E falamos con faltas de ortografía,  
naturalmente para ir a ningures.  
E tivemos éxito,  
vaia, si tivemos!,  
coma dous parvos en liza,  
convencidos de que o amor  
era cuestión de cifras  
e non dun paso atrás,  
de cantidade e non de calidade.

Na web [www.lugosempre.com](http://www.lugosempre.com) tamén é posible acceder en versión audio, a estes fragmentos do poemario "**Estás aí?**".

**José Estévez López** nace en Pacios (Pradeda, Guntín) no 1954. Estudou Maxisterio e licenciouse en Dereito. Exerceu de avogado e ocupou distintos postos en diferentes administracións públicas. Este escritor, que ten participado en varias obras colectivas, cultiva tanto o xénero narrativo coma o lírico, no que ten publicado unha decena de antoloxías. Coordinou a edición de *Roteiro das artes: breve historia, antoloxía*, cuxos actos literarios tamén organizaou, coma a da obra *Manuel María: libro colectivo de homenaxe*.



# REVISA O COLECTOR

O espazo que, nunha cidade, se reserva ás obras artísticas, di moito do tratamento que lle damos a certos aspectos sociais, como a cultura.

Entender unha biblioteca como mero contedor de libros, significa restarlle valor e entidade a un espazo público necesario, para que as persoas acaden liberdade, prosperidade e desenvolvemento. E así mesmo, desempeñen un papel activo dentro da sociedade. Nese sentido, a biblioteca pública non debe vivir de costas ás necesidades da súa comunidade.



En Lugo, unha desas necesidades dende fai tempo, é atopar un espazo axeitado para albergar unha biblioteca municipal digna e acorde co século no que estamos. Algo que xa se facía ver fai (¡¡¡¡14 anos!!!), cando existía a proposta de construír un novo edificio na zona norte da cidade.

## El Alcalde de Lugo presenta el proyecto de la nueva biblioteca de la Piringalla que dará servicio a más de 20.000 personas



Tema Cultura y turismo **Lunes, 28 de julio de 2006** Fuente: Gabinete de Prensa

El Alcalde de Lugo, José López Orozco, y la Concejala de Cultura y Turismo, Concepción Burgo, presentaron el proyecto de la Biblioteca de la Piringalla que estará ubicada en una parcela reservada para uso dotacional en el proceso de desarrollo urbanístico, entre la calle de las Fuentes y la calle Matemático Vázquez Queipo. Dentro de la parcela se diferencian dos usos: una escuela infantil y una biblioteca. La parte asignada a la biblioteca presenta una forma trapezoidal con una superficie de 335 metros cuadrados y 995 m<sup>2</sup> de superficie edificable sobre rasante.

La biblioteca está dividida en tres grandes áreas:

Sala infantil, dedicada al público lector más joven, con servicios diferenciados para niños muy pequeños, como la bebeteca para niños de 0 a 6 años, zona de lectura, de ayuda a la escuela y zona de audiovisuales.

Sala de adultos, dedicada al público ya mayor y que constituye el cerner de la biblioteca, con servicios especializados de hemeroteca, fonoteca y nuevos medios.

Otros servicios, que engloban una pequeña sala polivalente y el área administrativo, depósitos, almacén, zona de fotocopias...

El proyecto, adjudicado a la empresa GAU Arquitectura y Urbanismo S.L., organiza los distintos usos por plantas, ocupando un volumen compuesto por planta baja y cuatro alturas que se arrima al edificio colindante por el lado sur, ofreciendo en el resto una fachada continua.

La organización funcional es la siguiente:

- Planta sótano: depósitos y locales auxiliares.
- Planta baja: accesos, sala infantil, sala polivalente.
- Planta primera: hemeroteca, fonoteca y medios audiovisuales.
- Planta segunda: sala de adultos.
- Planta tercera: sala de adultos y sección focal.
- Planta cuarta: administración.

Esta nueva dotación dará servicio a más de 20.000 usuarios potenciales que podrán hacer uso de los diferentes servicios. En la actualidad, la Biblioteca Municipal de La Milagrosa cuenta con 150 plazas, 100 en la sala de adultos y 50 para niños, con el nuevo centro se amplían las plazas en 169 más; es decir, Lugo contará con 319 plazas de lectura en edificios municipales.

Las plazas de la nueva biblioteca se dividen de la siguiente manera:

Sala infantil (de 140 metros cuadrados) para 30 usuarios

Sala de adultos (de 455 metros cuadrados) para 84 usuarios

Sala polivalente (de 70 metros cuadrados) para 55 usuarios sentados

#### Objetivos

El Alcalde explicó que la biblioteca pretende ser una referencia de la zona norte de la ciudad, abierta a todas las edades, de punto de encuentro con la palabra escrita, faro de cultura en el barrio. Por eso es transparente, mostrando su actividad interior desde todos los frentes como un reclamo.

Esta nueva biblioteca es una muestra más de la apuesta del Gobierno Local por los barrios de la ciudad y del avance que se está realizando en la zona norte. Con su llegada al Ayuntamiento el Alcalde se marcó como objetivo desarrollar el norte de Lugo, y en colaboración con diferentes promotores personales, se desarrollaron siete unidades de actuación que dotaron a la zona de nuevas zonas verdes, espacios viarios y espacios dotacionales como la parcela en la que se ubicará la biblioteca y la escuela infantil de A Piringalla. López Orozoco afirmó que "estamos cumpliendo con el objetivo que en su día nos marcamos: que los vecinos, independientemente de donde vivan, vivan en igualdad de derechos y de deber".

→ Además, en este barrio se construirá una Casa de las lenguas y un centro cívico en la parcela de la esquina de Angelo Colocci y calle Lavandeira.

→ En la zona norte de Lugo también está prevista a construcción del Museo Interactivo de la Historia de Lugo (MIHL) que ocupará una parcela en el parque de La Milagrosa. De este modo, la zona norte contará con importantes dotaciones públicas culturales y deportivas.

As imaxes superiores son extractos da web do Concello de Lugo, con información á que calquera pode acceder libremente e que serven para ilustrar estas reflexións. Acudir á hemeroteca dixital é un exercicio de saúde pública, probablemente. Neste caso, ten máis que ver co que falabamos nas notas editoriais, de voltar a vista atrás para seguir aprendendo, e non tanto como recordatorio cruel.

A biblioteca municipal actual (chamada Isidro Novo) non só conta cun espazo reducido, senón que ten moitos aspectos a mellorar.

No seu día, incluso houbera sido unha magnífica idea, a de reserva para biblioteca municipal infantil, onde programar todas as actividades de fomento lector que, a día de hoxe, estánse a levar a cabo no MIHL, precisamente por falta dun espazo acorde. E reorganizar as dúas plantas coas que conta, como centro de lectura de carácter infantil e xuvenil, en exclusiva.





A inserción deste inmoble, dentro do parque de Frigsa, é clave para entendelo como centro de desenvolvemento de lectura infantil e xuvenil, pois permite que ambos espazos convivan e xeneren sinerxias moi inspiradoras; no eido social, educativo e cultural. Se, a maiores, queremos completar o tridente, non hai máis que mirar en fronte e darse conta que aí está o centro de convivencia da Milagrosa, que viría a complementar un grupo de centros públicos situados de xeito idóneo para seren aproveitados pola cidadanía, de xeito conxunto.



Porén, o xa construído e aínda non inaugurado nin aberto ao público, centro Paco Martín, ben podería ser a proxectada "nova biblioteca municipal", que contaría cun espazo renovado e en exclusiva, para as actividades propias dunha biblioteca de adultos. Ben podería ser, logo, o daquela denominado faro de cultura do barrio e da cidade, como emblema significativo de biblioteca municipal.



# ACLARANDO

**Chío** avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre**.

A vocación inicial de **Chío** non é a de seren unha axenda cultural da cidade (porque ese labor actualmente está moi ben cuberta, por exemplo, grazas aos amigos de **Vivalugo**), senón que pretende abrir unha fiestra orientada cara ao que ben merece unha ollada particular no eido da cultural local. E facemos esta aclaración aquí porque os contidos que aborda a revista, responden a esa necesidade exclusivamente.

No referente aos **contidos** do número 8 de **Chío**, consideramos preciso aclarar o que segue:

- Manifesto : frase dun guión de **La bola de cristal**. Programa televisivo, emitido entre 1984-88, que marcou a toda unha xeración grazas ás súas propostas innovadoras.
- Día do libro: os extractos referidos da obra, quedan plasmados co permiso do autor.

No apartado das **imaxes**, aclaramos que todas son, ben de autoría propia, ben de banco libre de imaxes.

Mención especial facemos á foto de portada, de autoría propia, feita in situ na expo **Galicia futura**, en Lugo. Ilustrativa da intervención **Campo de figos**, elaborada por **@martapazoss**, escenógrafa e directora artística (Pontevedra, 1976).

É posible que puidéramos aforrar todo este proceso de aclarado, pero se cadra non vai de máis.

**Coordina e dirixe Chío, Melina López.**

